

1. Líder



RESPECTO COMPROMISO RESPONSABILIDADE POR ESTA ORDE

Hoxe celébrase o Día Contra a Violencia de Xénero. Ao longo da fin de semana o fútbol da Provincia comprometeuse coa causa realizando diferentes homenaxes nos distintos campos para así concienciar aos máis novos dende o deporte



FÚTBOL 8

Primeiros clasificados para os provinciais de fútbol oito

Burela, Lugo A, Xove, Mondoñedo e Residencia alevín teñen asegurada a súa presenza na loita polo título. Na categoría benxamin está clasificado o Lugo A a falta de tres xornadas e na prebenxamin Porto Burela, Residencia e Lugo A son os primeiros en estar clasificados

LIGA NACIONAL XUVENIL

LUGO **10**

MANU ASINOU UNHA NOVA VITORIA para un Lugo B que xa suma 270 minutos sen encaixar ningún gol na Liga Nacional, competición na que o Racing Villalbés tivo contra as cordas ao Celta B na Madroa durante 80 minutos

PRIMEIRA DIVISIÓN XUVENIL

LUGO **10**

PLENO AO QUINCE DO CASTRO Un solitario gol de Raúl deulle a quinta vitoria noutros tantos encontros disputados ao líder da Primeira División xuvenil. Os de Dumi manteñen cinco puntos de renda sobre á Sarriana

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS: R. Oviedo - R. Santander 0-3, Conxo - TSK Rocas 2-0, Val Miñor - CD Lugo 3-1, Bansander - Sp. Gijón 0-3, R. Ferrol - Deportivo 0-1, Calasanz - R. Avilés 3-1, Ural CF - Marina Sp. 2-1, At. Perinés - RC Celta 1-1

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: RC CELTA (32), SPORTING GIJÓN (28), RC DEPORTIVO (26).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Deportivo - Conxo, TSK Rocas - At. Perinés, R. Santander - Val Miñor, Marina Sp. - R. Avilés.

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS: CD Aresoa - R. Bouzas 2-1, Alondras - Porriño 1-1, RC Celta B - RC Villalbés 5-1, Ourense CF - EF Lalín 3-0, Val Miñor B - Choco 2-2, Deportivo B - O Val 5-1, CD Lugo B - UD Ourense 1-0, Valladares - Victoria CF 1-5, Pontevedra - Pabellón 2-3

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: R.C. CELTA "B" (34), DEPORTIVO "B" (25), C.D. CHOCO (24).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: CD Aresoa - Alondras, Porriño - RC Celta B, RC Villalbés - Ourense CF, EF Lalín - Val Miñor B, Choco - Deportivo B.

XUVENIL L. GALEGA NORTE

RESULTADOS: Ural B - CD Boiro 0-1, As Pontes - Dumbria 1-0, Residencia - Montañeros 0-0, R. Ferrol B - Conxo B 2-2, Compostela - Orillamar 8-1, G. Caranza - Estrada 0-3, San Tirso - Victoria B 4-0, RC Villalbés B - Calasanz B 4-0, Bergantiños - Viveiro CF 3-1

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: S.D. COMPOSTELA (27), C.D. BOIRO (22), CALASANZ "B" (22).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Ural B - As Pontes, Dumbria - Residencia, Montañeros - R. Ferrol B, Conxo B - Compostela, Orillamar - G. Caranza.

CADETE DIVISION HONRA

RESULTADOS: Ural CF - Coruxo 1-0, Bergantiños - Pontevedra 0-2, Calasanz - San Tirso SD 2-0, R. Ferrol - Arosa SC 1-2, X. Oroso - Conxo 1-1, Deportivo - Val Miñor 5-0, CD Lugo - Victoria 0-3, RC Celta - Bergantiños 3-3, AJ Lerezá - Pabellón 1-1

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: R.C. DEPORTIVO (36), R.C. CELTA S.A.D. (31), URAL CF (24).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Ural CF - Bergantiños, Pontevedra - Calasanz, San Tirso - RC Ferrol, Arosa SC - X. Oroso, Deportivo - Conxo.

CADETE L. GALEGA NORTE

RESULTADOS: Ural B - Boiro 0-2, Bergantiños B - R. Ferrol B 5-0, Milagrosa - Montañeros 0-0, Imperator - Conxo B 1-0, Compostela - Deportivo B 3-5, G. Caranza - Estrada 1-3, San Tirso B - CD Lugo B 0-3, RC Villalbés - Calasanz B 3-1, Dumbria - Viveiro CF 4-0

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: DEPORTIVO "B" (34), S.D. COMPOSTELA (28), E.F.M BOIRO (26).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Ural B - Bergantiños B, R. Ferrol B - Milagrosa, Montañeros - Imperator, Conxo B - Compostela, Deportivo B - G. Caranza.

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS: Ural CF - EF Lalín 5-0, Bertamirán - R. Ferrol 1-3, Salvora - San Tirso 3-2, X. Oroso - G. Caranza 4-1, Montañeros - Deportivo 0-3, Conxo - Victoria 5-1, Calasanz - CD Lugo 3-3, Narón - Bergantiños 1-2, Victoria - SD Viveiro 3-1

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: R.C. DEPORTIVO (36), BERTAMIRANS F.C. (30), C.D. CONXO (28).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Ural CF - Bertamirán, R. Ferrol - Salvora, San Tirso - X. Oroso, G. Caranza - Montañeros, Deportivo - Conxo.

NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva



CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO LUGO

Avenida de Breogán, 37 - Entreplanta CP 27004

981 900 600 689097243 lugo.arbitros@futgal.es

Sede Central
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
15707 Santiago de Compostela
comite.arbitros@futgal.es

A Coruña
Juán de Ciorraga 3 - Baixo
CP 15008
coruna.arbitros@futgal.es

Santiago de Compostela
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
CP 15707
santiago.arbitros@futgal.es

Pontevedra
Praza de Pasarón, 1 - Baixo
CP 36005
pontevedra.arbitros@futgal.es

Ferrol
Avenida de Esteiro, 62-64
CP 15403
ferrol.arbitros@futgal.es

Vigo
Manuel de Castro, 40 - Entreplanta
CP 36210
vigo.arbitros@futgal.es

A Costa da Morte
Centro Sociocultural de Baio
Rúa do Pavillón, s/n. CP 15150 Baio (Zas)
costadamorte.arbitros@futgal.es

A Mariña
Rúa do Río, 10 - Entreplanta
27880 Burela
amarina.arbitros@futgal.es

Lalín - Santiago
Complexo Deportivo Lalín Arena
Avenida Xosé Cuiña, 40. CP 36500
lalin.arbitros@futgal.es

CADETE 1º Aut. NORTE

RESULTADOS

Burela SD - CF Foz 1-4

Lourenzá - SD Viveiro 4-2

SD Ribadeo - RC Villalbés B 9-0

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: SD RIBADEO (21), BURELA S.D. (15), C.D. FOZ (15).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: SD Viveiro - CD Foz, RC Villalbés B - Lourenzá, SD Ribadeo - Burela SD.

CADETE 1º Aut. CENTRO

RESULTADOS

Piringalla A - Ferroviaria Mañá

EF Polvorin A - CP Casás 2-0

CD Castro - Residencia B 4-3

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: EF POLVORIN "A" (26), PIRINGALLA "A" (20), C.P. CASÁS (15).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Ferroviaria - Sagrado, CP Casás - Piringalla A, Residencia B - Polvorin A.

CADETE 1º Aut. SUR

RESULTADOS

Piringalla B - Monterroso 1-5

Sarriana - Becerreá 0-1

Polvorin B - Residencia A 0-7

CLASIFICACIONES

Table with columns: Equipo, PTS, X, G, E, P, GF, GC. Top teams: RESIDENCIA "A" (19), S.D. BECERREA (13), S.D. MONTERROSO (13).

PRÓXIMA XORNADA

Table with columns: Equipo, Equipo. Matches: Becerreá - Monterroso, Residencia A - Sarriana, Polvorin B - Piringalla B.

Déjà vu do Lugo en Nigrán

OS LUCENSES VOLVERON SER MELLORES QUE O SEU RIVAL en practicamente todos os aspectos do xogo menos no marcador final. O inxusto 2-1 ao descanso encheu de dúbidas aos de Subirán

| VAL MIÑOR | 3 | 1 | CD LUGO |
|---------------------------------------|---|---|---------------------|
| Goles: Estévez, Piñeiro e Villanueva. | | | Got: David Guitián. |
| | | | |

Árbitro: Javier Figueiredo, Carlos Martínez e Aarón Martín. Campo: Condominguez, Nigrán

O Lugo caeu esta xornada aos postos de descenso á Liga Nacional por primeira vez na tempada. Os de Juan Subirán encaixaron a oitava xornada consecutiva sen gañar nun novo encontro no que foron superiores, sobre todo na primeira parte, ao seu rival, neste caso un Val Miñor que coa lei do mínimo esforzo chegou ao descanso cun sorprendente 2-1 no marcador.

Dous goles de rebote do Val Miñor castigaron ao Lugo na primeira parte. O 1-0 no primeiro minuto de xogo tras unha falta lateral na que o balón terminou no fondo das mallas tras un

rebote. O Lugo repúxose deste primeiro contra-tempo e tomou as rendas do partido ata empatar cun golazo de David Guitián, que viu adiantado ao porteiro local e cun gran golpeo desde practicamente mediocampo, puxo o balón no fondo da portaría.

O empate a un recompensou a mellor formulación dun Lugo que non se conformou co empate. Os de Subirán dominaron e buscaron a portaría rival, xerando chegadas e un goteo constante de ocasións, polo que tan só faltaba a guinda do gol para plasmalo no marcador.

Un gol que pare-

8

PARTIDOS SEN GAÑAR nos que os lucenses empataron catro e perderon outros catro. A última vitoria remóntase ao mes de setembro co 3-2 co que os de Subirán se impuxeron ao Rocés na Cheda

1

DEBUT DE ROGRIGO

Primeiro encontro que disputa o centrocampista coa camiseta do Lugo na máxima categoría xuvenil. Rogrigo substituíu a David Guitián a falta de dez minutos para o remate do encontro en Nigrán

cia cuestión de tempo, pero cando máis preto estaba, chegou un duro contra-tempo co dous a un. Un tanto que nacía tras unha nova acción de rebote na que un xogador local aproveitouse desta situación para sacar un disparo seco ante o que nada puido facer Losada.

O inxusto dous a un na recta final da primeira parte foi un duro golpe para a moral e confianza dun Lugo que xa non vol-



David Guitián, saíndo da presión de dous rivais cun cano, foi o autor do gol en Nigrán

veu atopar as mesmas sensacións que tiña antes de recibir o segundo tanto.

A segunda parte estivo marcada polo dous a un. Os segundos corenta e cinco minutos foron máis

igualados ata que á hora de xogo, co tres a un do Val Miñor tras un saque de banda longo á área, sentenciouse o encontro que deixa ao Lugo en postos de descenso tras doce xornadas.

Próxima xornada

O Rácing de Ferrol visitará A Cheda na próxima xornada. Os ferroláns contan con dous puntos máis que o Lugo, polo que unha vitoria lucense sacaría aos de Subirán do descenso.

A OUTRA XORNADA - Por Emilio Rosanes

La masiva presencia de las nuevas tecnologías en la vida de nuestros jóvenes deportistas trae como consecuencia la incorporación en su educación de la información que les llega a través de estas plataformas.

Se trata de una generación mucho más informada que la nuestra, pero que requiere de referentes deportivos y personal positivo de cara a su formación como personas.

Tres situaciones han acaparado la información mediática de la semana, y todas ellas muy alejadas de las positivas referencias que necesita nuestra sociedad.

La actitud nada ejemplarizante del futbolista profesional ubicado detrás de la bandera de su país mofándose de su compromiso en la entidad, que le permite llevar una vida acompañada de lujos y privilegios, le pediría RESPETO. Respeto hacia quienes entendemos este bello deporte como un sentimiento, respeto hacia quienes engrandecen al club al que perteneces con su esfuerzo personal, respeto al cabeza de familia que aplaza prioridades económicas importantes por comprar una entrada para ir a verte o la camiseta de tu equipo a su hijo, respeto hacia los aficionados que realizan viajes de centenares de kilómetros para acudir a ver uno de tus partidos.

Respeto, señor Bale, a quienes engrandecen con su sentimiento nuestro bello deporte cada semana.

El espectáculo presenciado esta última semana con la figura del máximo responsable técnico y seleccionador nacional con el ingente cúmulo de despropósitos generados a partir de decisiones inoportunas, egos desmedidos y amistades desleales e interesadas convierte nuestro deporte en un escenario muy alejado de lo que debiera ser referencia absoluta para los nuestros.

A la totalidad de involucrados en el asunto, les pediría COMPROMISOS.

Un compromiso máximo con el modelo de conducta que



deben mostrar quienes ocupan un cargo de responsabilidad deportiva que es seguido por millones de personas.

Por último, el comportamiento llevado a cabo por el máximo responsable médico de la sección de baloncesto del mejor club del siglo actual no requiere análisis alguno.

Hay actitudes y comportamientos que se definen por sí mismos, como es el caso, al referirse como "panda de ratas" a los jugadores del eterno rival en la arena previa del encuentro correspondiente a la Euroliga y divulgado públicamente a través de la propia televisión de la entidad.

Le pediría RESPONSABILIDAD, pero no sólo al mencionado individuo, sino también a la entidad que representa y

a los miembros de la Comisión Permanente de la Comisión Estatal contra la Violencia, el Racismo, la Xenofobia y la Intolerancia, ciegos, mudos y sordos en el caso mencionado, al ser sancionado únicamente por la organización de la competición con una multa de 15.000 euros. Una conducta que debiera conllevar algún tipo de sanción deportiva adicional.

En resumen, una semana nefasta en la que José Mourinho se ha erigido en excepción.

Felizmente, siempre hay gestos que nos permiten creer eternamente en los valores que se deben transmitir desde el deporte.

O Lugo B xa pechou a porta e pasou a chave en defensa

TERCEIRO ENCONTRO CONSECUTIVO sen encaixar gol e segunda vitoria seguida na casa. Manu asinou o único tanto



Árbitro: Jesús López. Álvaro Valín e Alberto Lugo. Campo: A Cheda

O Lugo B volve despegar na clasificación da Liga Nacional xuvenil á vez que Brais Prados recupera efectivos e sobre todo tralo cambio de dinámica defensiva dun Lugo B que xa suma 270 minutos sen reci-

bir un gol. Tralo catro a cero en Pontevedra, que supuxo un punto de inflexión, os lucenses non recibiron goles ante Pabellón, Victoria e Ourense, conxuntos ante os que sumaron 7 dos 9 puntos en xogo.

Ante o UD Ourense os de Brais Prados tiveron o partido baixo control en todo momento ata que a falta de dez minutos tivose que retirar Álex, cun golpe na cabeza, xogando os lucenses o tramo final en inferioridade numérica.

De inicio a solvencia defensiva local secou aos visitantes, co monfortino Dani Arias en punta, ex do Calasancio, Deportivo e CD Lugo, que apenas tivo protagonismo ante a seriedade defensiva do Lugo B.

O un a cero chegou moi pronto, aos catro minutos, tras un bo centro de Brian que rematou ao fondo das mallas Manu cun preciso remate de cabeza. O propio Manu estivo preto do dous a cero cun disparo desde fóra

da área, e Castrín, á saída dunha falta lateral, tamén puido ampliar a vantaxe nunha primeira parte marcada pola solvencia defensiva dun Lugo B que tivo o partido baixo control.

Co centro do campo de gala e clásico nos últimos anos, con Javi, Rosón e Samu, o Lugo B marcou o ritmo dun partido ao que tan só lle faltou a sentenza. Herrero acariñou o segundo tras un bo pase de Rosón, e Brian, cun disparo que se foi alto, tamén deixou con vida a un Ourense que se aproveitou da lesión de Álex e da inferioridade numérica do Lugo para soñar cos puntos na recta final do encontro, na que Asier sacou un balón baixo paus na mellor ocasión visitante.



Leandro sacando un centro tras gañar a liña de fondo



Rosón conducindo o balón en mediocampo na Cheda




Manu, autor do único gol, tirándolle un cano a un rival

O Villalbés puxo contra as cordas ao Celta na Madroa

EMPATE A UN NO MARCADOR A FALTA DE DEZ MINUTOS, nos que un penalti máis que dudoso sacou dun bo apuro aos celestes ante un gran Rácing



Anxo a piques de sacar un centro ante un rival no Roca



Árbitro: Antonio Varela, Antonio Fernández e Diego Castro. Campo: A Madroa

O Rácing Villalbés puxo contra as cordas ao líder invicto e actual campión da Liga Nacional xuvenil, un Celta de Vigo B que poucas veces o pasa tan mal na Madroa como lle sucedeu ante os chairegos e unha boa proba diso foi a efusividade coa que, afección,

corpo técnico e xogadores do Celta B celebraron o polémico penalti sinalado con empate a un no marcador e con tan só dez minutos por diante.

Ata entón, o plan trazado ao longo da semana executouse á perfección. Aos dous minutos de xogo o

na primeira parte.

Primeiro un balón que estrelaron no poste e pouco despois cun golazo desde fóra da área ante o que nada puido facer Édgar. O un a cero non variou o guión para un Villalbés que sempre deu sensación de perigo á contra, e antes do descanso empatou tras unha acción de Speedy que rematou ao fondo das mallas Xairo, asinando o seu primeiro gol coa camiseta do Rácing.

Tralo intermedio mantívose o mesmo guión, sólidos en defensa e con perigo nas contras, especialmente por medio de Speedy, Anxo e David gañaban protagonismo no medio campo e á recta final chegábase coas espadas en todo o alto, ata que a falta de dez minutos, un penalti moi dudoso celebrado polos locais como un título, puxo por diante a un Celta B que levou o marcador ata o avultado cinco a un nos últimos minutos nos únicos intreos do encontro nos que os celestes foron superiores a un Rácing Villalbés que se veu un pouco abaixo tralo 2-1.

"CASTIGO EXCESIVO EN UN PARTIDO MAGNÍFICO DE TODOS LOS JUGADORES. TUVIMOS OPCIONES DE PUNTUAR HASTA LOS ÚLTIMOS DIEZ MINUTOS"

CHOLAS - RC Villalbés

Villalbés xa dispuxo da súa primeira ocasión con remate de Rares –o mellor xogador do encontro– desde a área pequena que atallou o porteiro olívico.

A idea era estar xuntos e ter claras as ideas para saír á contra. O Rácing xuntou filas, foi solidario e cun bo posicionamento en repliegue secou o caudal ofensivo dun Celta B que apenas tivo dúas ocasións

| OS MELLORES RC VILLALBÉS | |
|--------------------------|---------|
| RARES | 1 1 1 1 |
| DAVID | 1 1 1 |
| ANXO | 1 |



Ángel recortando a un rival tras unha incorporación



Borja a piques de rematar dende dentro da área



David Fernández co balón en mediocampo

Os cimentos están asentados

A RESIDENCIA PUNTUOU EN 4 DOS ÚLTIMOS 5 ENCONTROS basándose na seguridade defensiva. Os dous empates consecutivos deben ser a antesala das vitorias na Liga Galega



Árbitro: Marco Antonio Fernández. Tania Fente e Jose Antonio García. Campo: A Cheda

Segundo empate consecutivo para unha Residencia que segue cim-

tando o seu crecemento na competición a partir da seguridade defensiva. Os

“SE QUEREMOS SEGUIR CRECENDO TEMOS QUE SEGUIR TRABALLANDO AO LONGO DA SEMANA”

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

de Adrián Vázquez puntuaron en 4 dos últimos 5 partidos, nos que o déficit está nos goles xa que tan só asinaron un a favor nos últimos catro encontros.

Ante o Montañeros, un equipo que loita polo ascenso, a Residencia saíu con vida dos primeiros minutos nos que os herculinos dispuxeron das súas mellores ocasións. Co

paso do partido a Residencia empezou a ter balón e con iso máis presenza en campo rival, dispoñendo por medio de Roi, que neste encontro foi a referencia ofensiva, da ocasión máis clara na primeira parte ao rematar un centro lateral.

O Montañeros volveu roldar os dominios de Joni no tramo final da primeira parte, pero o porteiro branquiazul, con boas intervencións, encargouse de manter o cero a cero inicial.

Na segunda parte a

Residencia replegouse, xunto uliñas e seceu o goteo de ocasións do Montañeros, mentres que á contra as mellores accións para desnivelar o marcador inicial foron para os locais.

Yago, cunha contra marca da casa na que non definiu ben, Borja cun remate cruzado, e García á saída dun córner dispuxeron das ocasións máis claras nunha segunda parte na que o Montañeros apenas inquietou.

7

BAIXAS A Residencia segue exhibindo fondo de armario ante as ausencias. Nesta xornada non puideron participar Cancio, Conde, Dani, Sanmi, Cristian, Hernández e Mario por diferentes motivos

Próxima xornada

A Residencia viaxará a Dumbria a próxima xornada, na que intentará darlle continuidade á solvencia defensiva e dar un paso á fronte en ataque para poder sumar de tres en tres e saír dos postos de descenso.

OS MELLORES

RESIDENCIA

| | |
|-------|-----|
| ADRI | 👍👍👍 |
| JONI | 👍👍 |
| DAVID | 👍 |

Reacción ao grande do Villalbés B tras tocar fondo

TERCEIRA VITORIA DO CURSO tras arroiarse a un Calasanz B que seguirá tendo pesadelos co Estadio Roca



Árbitro: Adrián Fdez, Fernando Díaz e Adrián Estraviz

O Villalbés B reaccionou da mellor forma posible tras tocar fondo ante o Viveiro. Os de Iván Lamas apertaron os dentes, traballaron durante a semana e asinaron un dos partidos máis completos ante un Calasanz B que seguirá tendo pesadelos co Roca.

“XUSTA E MERECEIDA VICTORIA. PREMIO PARA OS RAPACES POLO TRABALLO QUE REALIZAN AO LONGO DA SEMANA NOS ADESTRAMENTOS”

IVÁN LAMAS - Villalbés B

4

GOLES DE DIFERENZA

As dúas últimas veces que o Calasanz B pasou polo Roca perdeu por catro goles. Onte 4-0 e a anterior tras perder 6-2 no partido de volta da fase de ascenso á Liga Galega xuvenil

A última vez que os herculinos visitaron Villalba leváronse un 6-2 co que os chaireiros daban o salto de categoría e o Calasanz B, aínda que ascendeu, tivo que facelo

polo camiño máis longo. Co Roca pesado o fútbol directo acaprou protagonismo, pero o Villalbés atopou vías para xerar perigo por banda con Denis e Miguel, e coas accións a balón parado para romper o marcador.

O un a cero, no ecuador da primeira parte, chegou tras un saque de esquina lanzado por Buján que rematou Dani, o dous a cero tras un saque de banda longo que peiteou López e rematou Gestó, e o tres a cero antes do descanso tras un penalti sobre Gestó que transformou Gabrí.

Ao comezo da segunda parte o Calasanz B intentou reaccionar e meter ao Villalbés B no seu campo, pero a solvencia defensiva fixo que non encaixasen e puxeron fin ao amago de remontada visitante pechando o marcador co 4-0 por medio de Buján.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

| | |
|-------|-----|
| GESTO | 👍👍👍 |
| LÓPEZ | 👍👍 |
| BUJÁN | 👍 |

O Viveiro segue con vértigo lonxe do Marcos Gómez

OS CELESTES CONTINUÁN SEN GAÑAR FÓRA tras perder en Carballo nun encontro no que tiveron opcións



Árbitro: Bruno Méndez, Jorge Cal e Cristian Sendón

O Viveiro segue sufrindo vértigo esta tempada lonxe do Marcos Gómez. Os celestes tan só sumaron un punto dos quince que disputaron esta tempada a domicilio e viron como os tres últimos se esfumaban nos dez últimos minutos tras un partido no que tive-

“TOCA APRENDER DE LOS FALLOS PARA NO VOLVER A COMETERLOS Y LEVANTARSE RÁPIDO, QUE EL CALENDARIO QUE VIENE ES MUY DURO”

ANTONIO SERRANO Viveiro Club de Fútbol

1

PUNTO FÓRA DA CASA

O Viveiro tan só rabuñou un punto a domicilio, no derbi ante a Residencia na Cheda, nos cinco encontros disputados lonxe do Marcos Gómez

Aos poucos o Viveiro conseguiu contrarrestar o xogo local, pero a loita librouse no mediocampo

Con un a cero empezou a segunda parte, na que os celestes estiveron mellor. Pablo evitou o dous a cero e Diego volveu acudir á súa cita co gol asinando un golazo tras pase de Trasi para meter ao Viveiro na loita polo partido de cara ao tramo final.

Con todas as espadas no alto e dando sensación de perigo á contra, un erro defensivo desencadeou no dous a un a falta de dez minutos cando máis de cara estaba o partido para un Viveiro que acusou o golpe, baixou os brazos e encaixou

o avultado tres a un na recta final.

O Viveiro volve xogar a domicilio na próxima xornada, na que visita ao Boiro.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

| | |
|-------|-----|
| DIEGO | 👍👍👍 |
| TRASI | 👍👍 |
| GÓMEZ | 👍 |

Apagón puntual na Cheda

O LUGO NON TIVO O SEU MELLOR DÍA ANTE UN EFECTIVO VICTORIA que se levou os tres puntos con máis pegada que superioridade nun encontro trabado e pouco vistoso

TRES ÁRBITRAS DIRIXIRON O ENCONTRO, ESTA É A SEGUNDA VEZ NA QUE UN PARTIDO DE CATEGORÍA SUPERIOR É DIRIXIDO POR TRES COLEXIADAS NA PROVINCIA DE LUGO



Hugo García loitando pola posesión entre dous rivais



Pablo coa pelota ante a mirada de Hugo Díaz



Árbitro: Tania Fente Pena, Susana Gueimonde e Brenda Lence. Campo: A Cheda

O Lugo cedeu os tres puntos ante o Victoria na División de Honra cadete tras perder por cero a tres ante un Victoria compacto, sen grandes alardes pero moi efectivo ao longo dos oitenta minutos de xogo, nos que a nota máis destacada estivo no trio arbitral, formado por tres colexiadas, Tania Fente, Susana Gueimonde e Brenda Lence.

Esta é a segunda vez na historia que tres mulleres arbitran un partido de categorías superiores na Provincia de Lugo. O primeiro

en División de Honra, tralo que arbitraron Tania Fente, Susana Gueimonde e Anai Vázquez a pasada tempada na Liga Galega infantil.

No competitivo o Victoria levouse todo o botín nun partido pouco vistoso e frouxo dun Lugo que non tivo o seu mellor día. Os herculinos, coas liñas moi xuntas, déronlle o balón aos lucenses, pero os de Dani Galán non tiveron fluidez nin precisión para romper liñas.

O 0-1 chegou na primeira parte e na segunda, tras un cambio de sistema no

descanso, o Lugo non atopou sensacións e terminou encaixando dous goles máis ata o definitivo cero a tres

nun partido no que debutou no once inicial Hugo García e no que foron baixa Manel e os porteiros Diego e Jacobo.



Freire trata de zafarse da presión dun xogador rival



O albivermello Unai nunha arrancada co esférico

O Viveiro segue subido a unha montaña rusa

UNHA DE CAL E OUTRA DE AREA respecto aos encontros disputados no Marcos Gómez e a domicilio



Árbitro: Luis Insúa, Carlos Señares e Esteban Sal

O Viveiro segue ofrecendo dúas imaxes nun mesmo equipo. O Viveiro que xoga en casa demostra que é equipo de Liga Galega, pero o que se despraza cada quince días enche de dúbidas a súa continuidade na categoría.

A pasada xornada os de

"SON 34 JORNADAS DE LIGA Y NO SON SOLO DE LOCALES. EL EQUIPO TIENE QUE DAR MUCHO MÁS SI QUEREMOS MANTENER LA CATEGORÍA"

SERGIO IGLESIAS - Viveiro

6

DERROTAS A DOMICILIO

O Viveiro suma por derrotas todos os encontros disputados lonxe do Marcos Gómez, onde sumou os 10 puntos cos que contan os de Sergio Iglesias

Sergio Iglesias impuxéronse no derbi ante o Villalbés, pero non puideron darlle continuidade para despegar da zona baixa tras perder por catro goles a cero ante un rival directo pola permanencia

OS MELLORES

VIVEIRO CF

LUCAS 2 1 1

VEIGA 2 1 1

MARCO 1

como é o Dumbria, que se mostrou moito máis intenso e gañou practicamente todos os duelos individuais.

O un a cero chegou aos seis minutos, dándolle moral aos locais e trasladando as dúbidas a un Viveiro que se viu superado e no que varios xogadores borráronse da loita, provocando o enfado de Sergio Iglesias ao descanso co tres a cero que reflectía o marcador nun partido vital.

Nos vestiarios o adestrador celeste intentou reactivar ao seu equipo e viuse unha mellor versión do Viveiro, que na última media hora, intentou recortar distancias con defensa de tres para maquillar o average particular, pero o que chegou foi o catro a cero final que o deixa practicamente sentenciado para o Dumbria a falta de disputar o partido de volta.

Carpetazo do Lugo B á xeira de derrotas en San Tirso

OS DE ANTÓN MÉNDEZ volveron á senda da vitoria tras catro xornadas sen gañar na Liga Galega cadete



Árbitro: Pedro Oreiro, Juan Sierra e Diego Prieto

O Lugo B deu carpetazo á xeira de catro xornadas sen gañar imponéndose con autoridade ao San Tirso, no mellor encontro disputado polos de Antón Méndez esta tempada a domicilio.

O centro do campo lucense imprimiu moita

1

DEBUT DE ROBER

O xogador mariñao disputou os seus primeiros minutos oficiais coa camiseta do Lugo tras superar unha lesión que sufriu na pretempada

1

GOL DE ROSÓN

O centrocampista albivermello, que segue buscando a continuidade tras moitos contratempas, asinou o seu primeiro gol esta tempada

que aproveitou Rosón para inaugurar o marcador co seu primeiro gol da tempada, nunha nova volta ao once do dez albivermello.

Ayman e Alesito acariñaron o cero a dous, que chegaría antes do descanso en pleno monólogo lucense por medio de Antón, ao rematar unha falta lateral colgada á área.

A primeira parte terminou con moita superioridade do Lugo B e na segunda, malia que o ritmo de xogo foi máis baixo, o dominio lucense continuou sen que Marcos tivese apenas traballo.

O marcador pechouno Pérez co cero a tres final ao materializar un penalti cometido sobre el mesmo.

Próxima xornada

O Lugo B recibirá en Gándaras ao Rácing Villalbés nun novo derbi Provincial ao que os chairegos chegan máis necesitados de puntos.



Miguel, que volveu ao once, anticipándose en medio campo

O gol segue sendo a asignatura pendente

A MILAGROSA EMPATOU A CERO nun novo encontro no que os de Madriles fixeron máis para sumar todo o botín en xogo

| MILAGROSA | | | | | MONTAÑEROS | | | | |
|-------------------|----------|-------------|---------------|---------------|------------|-----------|--------|--------------|----------------|
| 0 0 | | | | | | | | | |
| CRISTIAN David | CABARCOS | HUGO Leo | MARCO Nico | MIGUEL | HUGO | ALEJANDRO | JOSE | MANUEL | BRUNO |
| BORJA | MARIO | MIGUEL | RAFA | GUEL Bruno | LEÓN | ALEX | MIGUEL | IAGO Adán | JAIMÉ Damir |
| BRAIS | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

Árbitro: Iván Prado. Ismael Martínez e Miguel Rodríguez. Campo: Luis López Gorgoso, Frigsa

O gol segue sendo a única asignatura pendente da Milagrosa esta tempada na Liga Galega cadete. Os de Madriles, cunha media dun gol por partido, son o segundo equipo que menos tantos leva a favor, tralo Viveiro con 10. Con todo, tamén é un dos que menos

OS MELLORES

MILAGROSA

JUAN

MIGUEL

RAFA

encaixa, tan só 14. Os goles resistense, pero non por falta de ocasións, xa que unha vez máis, nesta xornada ante o Montañeros en Frigsa, a Milagrosa xerou ocasións claras para poder sumar os tres puntos en xogo ante un dos claros aspirantes ao

"PARTIDO IMPORTANTE PARA DARNOS CUENTA DE QUE PODEMOS COMPETIR ANTE LOS EQUIPOS DE ARRIBA EN IGUALDAD DE CONDICIONES"

MADRILES - SCD Milagrosa

ascenso de categoría.

O Montañeros exhibiu potencial en Frigsa, pero a Milagrosa non se engurrou. A volta de Miguel ao once inicial deulle consistencia ao medio campo e propiciou que Juan xogase máis adiantado, sendo o mellor xogador do encontro desde a media punta.

A intensidade do partido foi moi alta, con dous equipos ben armados, pero coa Milagrosa dispoñendo de ocasións máis claras. Na primeira parte Rafa atopouse cun paradón do porteiro herculino e Diego Cabarcos tivo un remate que se foi fóra por pouco. Pola súa banda o Montañeros estrelou un balón no largueiro da portería defendida por Borja.

Tralo descanso o par-

12

GOLES A FAVOR A Milagrosa é o segundo equipo que menos goles marca na Liga Galega cadete. Tan só o Viveiro, con 10, fixo menos goles que os de Madriles no que vai de competición

tido pechouse máis. A loita librouse no mediocampo, lonxe das áreas e con poucas chegadas a portería o cero a cero inicial xa non se rompeu en Frigsa.

Próxima xornada

A Milagrosa viaxa a Ferrol coa intención de sumar tres puntos que os acheguen ao soño dos cinco primeiros clasificados, á marxe dos filiais, corte que marca os postos de play off polo ascenso á División de Honra.



Rafa desbordando pola banda a un defensa do Montañeros



Juan a piques de golpear o balón ante un xogador herculino

O Rácing Villalbés estreou a ansiada conta de vitorias

PRIMEIRO TRIUNFO DO CURSO PARA OS CHAIREGOS tras impoñerse con merecemento ao Calasanz B no Roca na Liga Galega cadete



Noel Teixeira conducindo o esférico no campo do Roca

A recompensa dos tres puntos fíxose de rogar en exceso para o Rácing Villalbés, pero esta chegou ante o Calasanz B nunha xornada na que os tres últimos clasificados sumaron por vitorias os seus encontros.

Os de Jandro Novoa xa

mereceran con antelación o premio dos tres puntos, pero os pequenos detalles evitaron que se estreasen esta tempada. Onte pola mañá no Roca o Villalbés ofreceu a súa versión máis fiable que lle guiou ata o tres a un final.

| RC VILLALBÉS | | | | | CALASANZ B | | | | |
|---------------------------|--------|-------|---------------|-----------------|------------|------|---------------------|-----------------|-----------------|
| 3 1 | | | | | | | | | |
| Goles: Javi, Anxo e Jose. | | | | | Gol: Diego | | | | |
| CRISTIAN | CARLOS | AMADO | ANXO Alex | MIGUEL Jose | ÁNGEL | HUGO | DIEGO | MANUEL Pablo | JORGE Marcos |
| VICENTE | NOEL | HUGO | JAVI Oscar | ALBERTO Mano | AMIGO | NOE | ALEJANDRO Miguel | DAVID Álvoro | SÁNCHEZ |
| DIEGO | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

Árbitro: Sadoom Bahía, Miguel Rodríguez e Juan Luis Fernández. Campo: Estadio Roca

Os chairegos estiveron sólidos en defensa e gañaron os duelos individuais ao longo dun encontro no que foron superiores.

Na primeira parte, cunha presión alta e efectiva, xogaron gran parte dos minutos que se fixo esperar ata a segunda parte cando nos

para romper o cero a cero co que se chegou ao descanso.

Javi, tras un fallo defensivo dos herculinos, cun remate que se foi fóra por pouco e Anxo, á saída dun córner, tiveron o un a cero que se fixo esperar ata a segunda parte cando nos

1

AUSENCIA DE MARTÍN

O capitán chairego perdeuse o encontro e estará de baixa un tempo tras ser intervido de apendicite.

banda esquerda.

O Calasanz B meteu o medo no corpo co un a dous tras unha falta lateral que se coou directa na portería defendida por Diego. Con dez minutos por diante e co medo dos antecedentes de puntos que se escaparon tras ir gañando, o Villalbés tivo que lidiar coa presión e fíxoo cun sobresaite.

Coa seguridade defensiva por bandeira e con calma con balón, o Villalbés tranquilizou os ánimos de revancha do Calasanz B e na recta final sentenciou o

encontro co tres a un tras unha acción de Carlos que finalizou Jose para sentenciar o encontro.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

NOEL

HUGO

CARLOS

"EL TRABAJO DEL GRUPO SE MERECELA POR FIN UN RESULTADO POSITIVO. LE DEDICAMOS LA VICTORIA A MARTÍN Y ESPERAMOS QUE SE RECUPERE PRONTO Y BIEN PARA ESTAR CON NOSOTROS CUANTO ANTES"

JANDRO NOVOA - RC Villalbés

primeiros minutos Carlos serviu en bandexa o un a cero que asinou Anxo.

O gol sentou como auga de maio no Roca, xa que o Calasanz B empezou a arriscar máis e con iso o Villalbés dispuxo de máis espazos á contra.

Javi ampliou a diferenza cun remate de cabeza tras centro de Cristian, que xogou este encontro pola

Próxima xornada

Derbi co Lugo B, o Rácing Villalbés visitará as Gándaras para medirse co filial albivermello en busca da segunda vitoria consecutiva.

Ao Lugo escapóuselle parte do botín nos últimos cinco minutos

1-3 MANDABAN NO MARCADOR OS LUCENSES NO 75 DE XOGO, pero dúas accións á desesperada do Calasanz, en inferioridade numérica, propiciaron o empate no sprint final



Árbitro: Ángel Acuña, Lucas Bermúdez e Juan Sierra. Campo: Leyma, A Coruña

O Lugo deixou parte do botín en xogo nos últimos cinco minutos de partido en Leyma ante o Calasanz. O marcador no 75 de xogo era de un a tres e con superioridade numérica dos lucenses, pero dúas accións illadas con balóns colgados á área á desesperada propiciaron o reparto de puntos co tres a tres co que finalizou o encontro.

Ata entón a posta en escena dos herculinos fora máis intensa, aínda que sen xerar ocasións ata que aos nove minutos inauguraron o marcador cunha acción de fortuna, na que tras un saque de esquina o balón rebotou nun xogador lucense e terminou no fondo das mallas da portería defendida por Jorge.

A partir de aí, lonxe de

1
DEBUT DAVID FERNÁNDEZ
O xogador albivermello disputou ante o Calasanz na Coruña os primeiros minutos na máxima categoría infantil substituíndo a Raúl Varela. Á hora de partido

acusar o contratempo do un a cero, o Lugo empezou a dominar e a xerar ocasións, sendo a máis clara un disparo de Diego logo dunha falta sacada rápido por Vila na que o remate do extremo foise rozando o poste.

Ao descanso chegouse con dominio do Lugo ante un Calasanz que non volveu xerar perigo tralo gol.

Xa na segunda parte o Lugo iniciou a remontada empatando o encontro nunha acción na que o Calasanz quedouse con dez xogadores por unha falta.

No saque da infracción, Vila atopou o camiño do gol para facer o un a un.

Cos lucenses á alza e os herculinos á baixa, o Lugo culminou a remontada tras un pase de Jose que finalizou Dani, e pouco despois Jose culminou unha contra de libro iniciada por Román na que David deulle continuidade e André puxo un balón ao espazo para que Jose rematase a acción do un a tres coa que o partido parecía sentenciado.

Con todo, nos últimos cinco minutos o Calasanz rescatou un punto con dous goles da súa referencia ofensiva tras senllos balóns colgados á área. O segundo cun gol de bandeira engancho o balón sen deixalo caer tras un centro desde mediocampo.

Ao final, empate a tres para un Lugo que se cae do corte dos oito primeiros tras catro xornadas sen gañar.




Diego por diante dun xogador rival nun encontro na casa

O Viveiro caeu na trampa do Victoria en Santiago

O FÚTBOL DIRECTO ACAPAROU MOITO PROTAGONISMO e os celestes saíron mal parados. David Díaz lesionouse aos cinco minutos de partido



O celeste Xoel Ferro a piques de disparar a portería



Árbitro: Miguel Ángel Vilas, Pablo Blanco e Paula González. Campo: Municipal do Sergas

O Viveiro presentouse en Santiago para medirse co Victoria consciente de que os composteláns buscarían un partido físico con fútbol directo, no que as disputas e as segundas accións gañasen moito protagonismo. O Viveiro era consciente diso pero non puido evitar que o

partido fose por esa canle, na que os composteláns foron superiores aproveitando o seu maior potencial físico.

Desde os primeiros minutos o Victoria buscou aos seus puntas metendo en problemas á defensa celeste, e aos once de xogo

“DEJAMOS ESCAPAR UNA BUENA OPORTUNIDAD DE PUNTUAR, PERO PARA LA SEMANA QUE VIENE TENEMOS OTRA Y NO SE NOS PUEDE ESCAPAR” FIDI - SD Viveiro

OS MELLORES
SD VIVEIRO
NAIM
JAVI ILLÁN
JAVI BARJA

chegou o un a cero tras unha acción de fútbol directo. Sen marxe para a reacción o Victoria puxo terra polo medio no marcador antes da media hora co dous a cero tras unha nova acción de fútbol directo que terminou cun disparo desde o borde da área ante o que nada puido facer Javi Illán para evitar o dous a cero.

Cando peor o estaba pasando o Viveiro, chegou unha bocanada de osixeno

1
AUSENCIA DE ÚLTIMA HORA
Samu non puido participar neste encontro, no que ademais a lesión de David Díaz deixou o carril dereito mal parado. Malia iso, Naim multiplícouse e foi o mellor xogador do encontro dende o lateral



co dous a un. Un gol que subiu ao marcador Xoel Ferro ao transformar un penalti cometido sobre Adri, e ata o Viveiro amagou con empatar antes do descanso.

No vestuario Fidi osixenou ao equipo cos cambios e intentou facer o campo máis pequeno sen tanto fútbol directo. Con todo, esta partida volveuna a gañar o Victoria.

A distancia entre liñas volveu facer o campo moi longo e os composteláns volveron explotar o seu físico. Javi Illán mantivo con vida ao Viveiro ata que chegou o tres a un co que o encontro quedou completamente visto para sentenza.

O Viveiro viaxa na próxima xornada a Lalín nun partido no que os puntos valen o seu peso en ouro ante un rival directo.

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

| Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES | | | Regularidade XUVENIL SUPERIORES | | |  Pichichi CADETE SUPERIORES | | | Regularidade CADETE SUPERIORES | | |  Pichichi INFANTIL SUPERIORES | | | Regularidade INFANTIL SUPERIORES | | |
|---|----------------|----|------------------------------------|----------------|----|---|--------------|----|-----------------------------------|--------------|----|---|------------|----|-------------------------------------|------------|----|
| Xogador | Equipo | G. | Xogador | Equipo | P. | Xogador | Equipo | G. | Xogador | Equipo | P. | Xogador | Equipo | G. | Xogador | Equipo | P. |
| DAVID | RC Villalbés | 5 | LÓPEZ | RC Villalbés | 18 | AYMAN | CD Lugo B | 7 | LUCAS | Viveiro CF | 18 | ADRI | SD Viveiro | 10 | MATEO | SD Viveiro | 10 |
| DIEGO | Viveiro C.F | 5 | DIEGO | Viveiro C.F | 18 | FREIRE | CD Lugo | 4 | MIGUEL | Milagrosa | 16 | XOEL F. | SD Viveiro | 10 | XOEL FERRO | SD Viveiro | 8 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 4 | XOEL EUJO | Viveiro C.F | 15 | LOMBA | CD Lugo | 3 | MARTÍN | RC Villalbés | 12 | ANDRÉ | CD Lugo | 5 | JAVI B. | SD Viveiro | 8 |
| MANU | CD Lugo B | 4 | GARCIA | Residencia | 11 | BORJA | CD Lugo | 3 | DAVID | Viveiro CF | 12 | DIEGO | CD Lugo | 5 | NAIM | SD Viveiro | 4 |
| GABRI | RC Villalbés B | 4 | SPEEDY | RC Villalbés | 9 | HUGO | CD Lugo | 3 | CABARCOS | Milagrosa | 9 | JOSE | CD Lugo | 5 | ÁLVARO | SD Viveiro | 3 |
| GABARRE | CD Lugo | 3 | I. GESTO | RC Villalbés B | 9 | RAFA | Milagrosa | 3 | JUAN | Milagrosa | 9 | DANI | CD Lugo | 3 | DAVID A. | SD Viveiro | 3 |
| SPEEDY | RC Villalbés | 3 | TRASI | Viveiro C.F | 9 | CABARCOS | Milagrosa | 3 | ADRIÁN | Viveiro CF | 9 | BRUNO | CD Lugo | 2 | ADRI | SD Viveiro | 2 |
| BUJÁN | RC Villalbés B | 3 | NOEL | RC Villalbés B | 8 | CRISTIAN | RC Villalbés | 3 | HUGO | Viveiro CF | 9 | SAMUEL | SD Viveiro | 2 | JUAN LIZ | SD Viveiro | 2 |
| NOEL | Viveiro C.F | 3 | DAVID | RC Villalbés | 7 | BORJA | CD Lugo B | 2 | DIEGO | RC Villalbés | 8 | RAFA | SD Viveiro | 2 | JAVI ILLÁN | SD Viveiro | 2 |
| ÓSCAR | CD Lugo | 2 | RARES | RC Villalbés | 7 | MANU | CD Lugo B | 2 | RAFA | Milagrosa | 7 | XAVI I. | CD Lugo | 1 | RAFA | SD Viveiro | 1 |
| SAMU | CD Lugo B | 2 | DANI | RC Villalbés B | 7 | PÉREZ | CD Lugo B | 2 | ALBERTO | RC Villalbés | 7 | RAÚL V. | CD Lugo | 1 | DAVID DIAZ | SD Viveiro | 1 |
| BRIAN | CD Lugo B | 2 | LÓPEZ | RC Villalbés B | 7 | ANTÓN | CD Lugo B | 2 | HUGO | RC Villalbés | 7 | PEPE | CD Lugo | 1 | SAMUEL | SD Viveiro | 1 |
| GABRI | RC Villalbés | 2 | GABRI | RC Villalbés | 6 | MIGUEL | Milagrosa | 2 | AMADO | RC Villalbés | 6 | LUCAS | CD Lugo | 1 | XOEL P. | SD Viveiro | 1 |
| NICO | RC Villalbés | 2 | XAIRO | RC Villalbés | 6 | MARCO | Milagrosa | 2 | CARLOS | RC Villalbés | 6 | DAVID DIAZ | SD Viveiro | 1 | ARZA | SD Viveiro | 1 |
| I. GESTO | RC Villalbés B | 2 | GABRI | RC Villalbés B | 6 | DIEGO | Milagrosa | 2 | NOEL | RC Villalbés | 6 | XOEL P. | SD Viveiro | 1 | - | - | - |
| YAGO | Residencia | 2 | DENIS | RC Villalbés B | 6 | CARLOS | RC Villalbés | 2 | PABLO | Viveiro CF | 6 | VILLA | CD Lugo | 1 | - | - | - |
| FONSECA | Residencia | 2 | GÓMEZ | Viveiro C.F | 6 | MENDAÑA | Viveiro CF | 2 | SERGIO | Viveiro CF | 6 | - | - | - | - | - | - |
| CONDE | Residencia | 2 | ANXO | RC Villalbés | 5 | HUGO | Viveiro CF | 2 | BRAIS | Milagrosa | 5 | - | - | - | - | - | - |
| BORJA | Viveiro C.F | 2 | JAVI | RC Villalbés B | 5 | LUIS | CD Lugo | 1 | LEO | Milagrosa | 4 | - | - | - | - | - | - |
| YAGO | CD Lugo | 1 | MIGUEL | RC Villalbés B | 5 | MANEL | CD Lugo | 1 | HUGO | Milagrosa | 4 | - | - | - | - | - | - |
| MARTÍN | CD Lugo | 1 | YAGO | Residencia | 5 | ALESITO | CD Lugo | 1 | JAVI | RC Villalbés | 4 | - | - | - | - | - | - |
| DAMIÁN | CD Lugo | 1 | ROI | Residencia | 5 | BUIDE | CD Lugo B | 1 | VEIGA | Viveiro CF | 4 | - | - | - | - | - | - |
| GÓMEZ | CD Lugo | 1 | ANIDO | RC Villalbés | 4 | ÓSCAR | RC Villalbés | 1 | BUIDE | CD Lugo B | 3 | - | - | - | - | - | - |
| XABI D. | CD Lugo | 1 | SANTI | RC Villalbés B | 4 | NOEL | RC Villalbés | 1 | NICO | Milagrosa | 3 | - | - | - | - | - | - |
| ROSÓN | CD Lugo B | 1 | DE LA IGLESIA | Residencia | 4 | MIGUEL | RC Villalbés | 1 | ANXO | RC Villalbés | 3 | - | - | - | - | - | - |
| ASIER | CD Lugo B | 1 | CANCIO | Residencia | 4 | MARTÍN | RC Villalbés | 1 | MARCOS | Viveiro CF | 3 | - | - | - | - | - | - |
| RODRIGO | CD Lugo B | 1 | NOEL | Viveiro C.F | 4 | ADRIÁN | Viveiro CF | 1 | MANU F. | CD Lugo B | 2 | - | - | - | - | - | - |
| JAVI | CD Lugo B | 1 | BUJÁN | RC Villalbés | 3 | LUCAS | Viveiro CF | 1 | MARCO | Milagrosa | 2 | - | - | - | - | - | - |
| HERRERO | CD Lugo B | 1 | NICO | RC Villalbés B | 3 | JAVI | Viveiro CF | 1 | CRIS | Milagrosa | 2 | - | - | - | - | - | - |
| CASTRÍN | CD Lugo B | 1 | ÁLEX | RC Villalbés B | 3 | PABLO | Viveiro CF | 1 | ÁLEX G. | RC Villalbés | 2 | - | - | - | - | - | - |
| MATEO | CD Lugo B | 1 | BUJÁN | RC Villalbés B | 3 | JAVI | RC Villalbés | 1 | MIGUEL | RC Villalbés | 2 | - | - | - | - | - | - |
| MARTÍN | RC Villalbés | 1 | CONDE | Residencia | 3 | ANXO | RC Villalbés | 1 | MARIO | RC Villalbés | 2 | - | - | - | - | - | - |
| MARÍN | RC Villalbés | 1 | DANI | Residencia | 3 | JOSE | RC Villalbés | 1 | LOSADA | RC Villalbés | 2 | - | - | - | - | - | - |
| ABEL | RC Villalbés | 1 | LIS | Residencia | 3 | ROSÓN | CD Lugo B | 1 | CRISTIAN | RC Villalbés | 2 | - | - | - | - | - | - |
| ANIDO | RC Villalbés | 1 | FONSECA | Residencia | 3 | - | - | - | ROSON | CD Lugo B | 1 | - | - | - | - | - | - |
| ABEL | RC Villalbés B | 1 | YOEL | Residencia | 3 | - | - | - | CRISTIAN | Milagrosa | 1 | - | - | - | - | - | - |
| LÓPEZ | RC Villalbés B | 1 | JUAN | Viveiro C.F | 3 | - | - | - | MIGUEL | Milagrosa | 1 | - | - | - | - | - | - |
| MIGUEL | RC Villalbés B | 1 | ASIER | RC Villalbés | 2 | - | - | - | MARIO | Milagrosa | 1 | - | - | - | - | - | - |
| SANTI | RC Villalbés B | 1 | PEDRO | RC Villalbés B | 2 | - | - | - | MIGUEL | RC Villalbés | 1 | - | - | - | - | - | - |
| IVÁN | Residencia | 1 | RAÚL | RC Villalbés B | 2 | - | - | - | JOSE | RC Villalbés | 1 | - | - | - | - | - | - |
| DANI | Residencia | 1 | DIEGO | RC Villalbés B | 2 | - | - | - | LUCA | Viveiro CF | 1 | - | - | - | - | - | - |
| CANCIO | Residencia | 1 | DAVID | Residencia | 2 | - | - | - | MARTÍN | Viveiro CF | 1 | - | - | - | - | - | - |
| ROI | Residencia | 1 | ADRI | Residencia | 2 | - | - | - | CARLOS | Viveiro CF | 1 | - | - | - | - | - | - |
| BORJA | Residencia | 1 | BOIXET | Viveiro C.F | 2 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| XOEL EUJO | Viveiro C.F | 1 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| TRASI | Viveiro C.F | 1 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN
DO FÚTBOL BASE LUCENSE



O Burela defenderá a súa coroa

OS MARIÑEOS, CON RESIDENCIA E BECERREÁ COMO CAMPÍONS ZONAIS, parte da Liga Galega infantil. O Viveiro foi o último equipo que deu o salto de categoría a pasada temporada.

A próxima fin de semana comeza o Provincial infantil. Xa se coñece a folia de ruta de cada equipo tralo sorteo e a confección do calendario nunha das ligas máis atractivas do fútbol base lucense.

O Burela, como vixente campión Provincial, defenderá a súa coroa sendo un dos favoritos. Neste apartado aparece tamén con forza a Residencia e o Becerreá, como actuais campións zonais dos grupos Centro e Sur.

Dez equipos en liza que parten con opcións de ser os novos reis da Provincia na categoría infantil. Tan só oito deles poden optar a unha das tres prazas para a fase de ascenso, xa que Lugo B e Viveiro B, aínda que terminaron nunha das tres primeiras prazas, non poderían disputar a fase de ascenso ao ter aos seus primeiros equipos competindo xa na Liga Galega infantil.

Dito dos dez equipos soñan con repetir o camiño marcado a tempada pasada polo Viveiro, quen logo de clasificarse terceiro no Provincial, conseguiu o salto de categoría tras unha fase de ascenso de ensino.

O Burela, campión Provincial a tempada pasada, quedouse a 80 minutos da Liga Galega trala derrota no partido de volta da última rolda ante o Sálvora, mentres que o Rácing Villalbés, que tamén xogou a fase de ascenso, caeu en primeira rolda polo valor dobre dos goles en campo contrario.

Un campión Provincial e tres representantes lucenses que estarán na fase de ascenso saíran desta Liga a dobre volta, na que se citan os dez mellores equipos da tempada. Todos eles clasificáronse desde os grupos zonais. Desde o Norte, Burela, campión invicto acompañado de Ribadeo e SD Viveiro B. O Grupo Centro aportou catro equipos ao clasificarse o mellor cuarto deste grupo, a Residencia como campión invicto, CD Lugo B, Rácing Villalbés e Milagrosa, mentres que desde o Grupo Sur clasificáronse o Becerreá como campión zonal, Piringalla e Sarriana.

O sorteo do calendario depaorou unha primeira xornada con duelos entre coñecidos, xa que dos cinco encontros previstos tan só dous medirán a equipos que non se viron as caras na primeira fase. A Sarriana, que visita A Cheda para medirse coa Residencia e o Burela, que recibe na Marosa ao Rácing Villalbés.

Os outros enfrontamentos



O Burela defenderá o título acadado a pasada tempada

xa teñen referencias desta tempada, xa que Lugo B e Milagrosa volveranse ver as caras, igual que Becerreá e Piringalla e Viveiro B e Ribadeo.

Resto de competicións

Outros 10 equipos loitarán polo ascenso, no caso de que a próxima tempada prospere a creación da Primeira e Segunda División, formato xa instaurado na categoría xuvenil. Ferroviaria A, Castro, Foz, Casás, Polvorín A, Guitiriz, Palas, Antas, Residencia B e Pontenova loitarán polas primeiras prazas, xa que non se sabe cantas delas darían o ascenso en caso de modificación das competicións, estando condicionado a si hai descensos de Galega ou si hai ascensos desde o Provincial.

Para rematar, o resto de equipos, 9 en total, competirán a partir de agora nunha Liga Torneo Delegación para ir situándose de cara aos cruces da próxima Copa a finais de tempada.

INFANTIL PLAYOFF

RESULTADOS

- Castro – Casás A -----
- Palas – Polvorín A -----
- Pontenova – Antas -----
- Guitiriz – Foz -----
- Ferroviaria A – Resi B -----

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts | X | G | E | P | GF | GC |
|---------------------|-----|---|---|---|---|----|----|
| FERROVIARIA 'A' | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C.D. CASTRO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C.D. FOZ | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C.P. CASÁS 'A' | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| E.F. POLVORIN 'A' | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| GUITIRIZ S.D. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| PALAS C.D. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S.D. ANTAS | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S.D. RESIDENCIA 'B' | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S.P. PONTENOVA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

- Casás A – Ferroviaria A
- Foz – Pontenova
- Polvorín A – Castro
- Residencia B – Guitiriz
- Antas – Palas

10

